

## **PROCEDEMENTO XERAL PARA O PRACTICUM**

### **1. RECOMENDACIÓNS PREVIAS**

Recoméndase que para a realización do Practicum se teñan cursadas as seguintes materias:

- ✓ Servizos Sociais Especializados
- ✓ Traballo Social con Individuos e Familias
- ✓ Soportes Documentais e Xestión da Información en Traballo Social
- ✓ Deseño e Avaliación de Proxectos de Intervención Social
- ✓ Medidas de Protección Social
- ✓ Xestión e Planificación de Servizos Sociais
- ✓ Xestión de Organizacións

### **2. INCOMPATIBILIDADES**

Para matricularse no Practicum é requisito indispensable ter superados 150 créditos básicos e obrigatorios, entre eles todos os da primeira metade da titulación.

### **3. PROCEDEMENTO PREVIO AO INICIO DAS PRÁCTICAS**

No curso anterior ao inicio das prácticas no servizo, e previo a realizar a oferta de prazas do Practicum, realízanse reunións co alumnado de terceiro curso coa finalidade de informar sobre os requisitos e procedemento de xestión das mesmas, para orientarlles na elección das prazas e para comezar a organización das mesmas.

- ✓ Nunha primeira reunión con todo o alumnado do curso de terceiro, que ten lugar no mes de abril, infórmase e explícase o procedemento e xestión das prácticas, e recóllense, no documento elaborado para tal fin, as preferencias dos/as alumnos/as sobre os campos de prácticas nos seus concellos de residencia.
- ✓ Seguidamente fanse reunións, no mes de abril, con grupos de alumnos/as por provincias e lugares de residencia, coa finalidade de orientarlles na elección e poñer no seu coñecemento os centros de prácticas que poden responder as súas expectativas.

#### **Datas de referencia:**

- ✓ Oferta pública de plazas de prácticas, entre os meses de xuño e xullo, vía páxina web da EUTS e o taboleiro de anuncios.

- ✓ Solicitude de centro de prácticas, desde que se expoña a oferta de prazas e antes do 1 de outubro do curso no que se fai a matrícula do Practicum. Solicítase na secretaría da EUTS e no modelo establecido para este fin.
- ✓ Listaxe provisional coa asignación de prazas do Practicum, entre os meses de outubro e novembro.
- ✓ Período de reclamacións, 10 días hábiles dende a publicación da listaxe provisional.
- ✓ Listaxe definitiva unha vez finalizado o período de reclamación.
- ✓ Traslado da relación dos estudantes que van realizar o Practicum á Unidade de Xestión Académica.

#### **4. ASIGNACIÓN DOS CENTROS DE PRÁCTICAS**

A asignación dos centros de prácticas correspóndelle á Comisión de Título, e efectuarase en virtude da puntuación obtida nos seguintes criterios:

- ✓ Lugar de residencia do/a alumno/a ou situación asimilada a estimar pola Comisión de Título
- ✓ Nota media simple do expediente académico
- ✓ Nota obtida na materia optativa vinculada ao campo de prácticas solicitado, sempre e cando proceda.

#### **5. ACCIÓNS DURANTE O DESENVOLVEMENTO DAS PRÁCTICAS**

**Accións e datas de referencia:**

- ✓ Sesión presentación Practicum: xaneiro
- ✓ Inicio de prácticas no servizo: xaneiro
- ✓ 1º titoría individual: febreiro-marzo
- ✓ Titoría grupal: abril
- ✓ 2ª titoría individual: abril-maio
- ✓ Finalización prácticas no servizo: maio
- ✓ Dúas convocatorias para a entrega da Memoria do Practicum na EUTS e no servizo onde se realizaron as prácticas: 1ª convocatoria entre os meses de maio-xuño, e segunda convocatoria no mes de xullo.